

## SOCIAIS

### SOLUCIÓNS DOS EX. 1 E 3 PÁX 109

1)

A sociedade nos reinos cristiáns dividíase en tres grupos ou estamentos: a nobreza, o clero e os campesiños.

Os nobres vivían nos castelos e ocupábanse da guerra; o clero vivía nos mosteiros e dedicábase a orar; e os campesiños vivían nas aldeas e traballaban no campo.

3)

A **Reconquista** é o longo período de loitas en que os cristiáns conquistaron os territorios ocupados polos musulmáns.

A **repoboación** é o proceso de ocupación con novos habitantes dos territorios conquistados aos musulmáns.

O **señor** é o nobre que posuía terras e que administraba nelas a xustiza, cobraba impostos e controlaba os campesiños.

O **servo** era o campesiño que dependía dun señor e carecía de dereitos.

Un **mozárabe** é un cristián que vivía en al-Ándalus pero seguía practicando a súa relixión.

Un **mudéxar** é un musulmán que continuou practicando a súa relixión cando o territorio onde vivía pasou a mans cristiás.

---

APUNTES:

#### A arte nos reinos cristiáns

##### A arte románica

Durante os séculos X, XI e XII desenvolveuse un estilo artístico chamado **románico**

Naquela época construíronse igrexas, mosteiros e catedrais de paredes grosas e poucas ventás, polo que o interior era moi escuro.

As fachadas, as portas e as columnas decorábanse con esculturas. Os muros adornábanse con pinturas que adoitaban representar temas relixiosos e transmitían as ensinanzas da Biblia.

En Galicia, o estilo románico ten na catedral de Santiago.

##### A arte gótica

Nos séculos XIII e XIV construíronse edificios nun novo estilo artístico: o **gótico**.

As catedrais e as igrexas góticas eran moito máis luminosas ca as románicas. Tiñan grandes rosetóns e ventás con vidreiras de cores que iluminaban o interior dos templos as igrexas eran máis altas e parecía que as súas torres aguzadas tocaban o ceo.

As pinturas e as esculturas góticas representaban figuras relixiosas. Eran máis realistas e tiñan máis movemento ca as románicas.

**Ex.1,2,3,5 páx 116**

**LINGUA;**

CORREXIR EX, DICTADO PÁX165  
PREGUNTAR VERBOS

**LINGUA;**

Analiza as seguintes palabras

- amizade
- corríamos
- fermosísimo
- esta** casa
- aquel** rapaz
- teu** tío
- estudiaches